

Á Mesa da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **Abel Losada Alvarez**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno en relación coa declaración de “interese turístico galego” da Romaría das Cruces que se vén celebrando con carácter anual no barrio da Ponte, no concello de Ribadeo e, en particular, a súa difusión (10/PNC-000891, doc. núm. 8465)

Emenda de adición

Débase engadir un novo parágrafo á parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido:

“Aplicando o Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia, e as resolucións polas que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico de Galicia; evitando a discrecionalidade e establecendo condicións obxectivas nas actuacións da administración neste ámbito.”

Pazo do Parlamento, 20 de setembro de 2017

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 20/09/2017 16:30:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2017 16:38
Nº Rexistro: 17031
Data envío: 20/09/2017 16:38:27.242



Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/09/2017 16:30:20

Partido dos
Socialistas
de Galicia
